



MEMORIA DE ACTIVIDADES

Instituto da Lingua Galega
2008

Edita

Instituto da Lingua Galega
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
A Coruña

Teléfonos

981 56 31 00 ext. 12815/12810/12802

Fax

981 57 27 70

Correo electrónico

ilgsec@usc.es

<http://ilg.usc.es/>

Universidade de Santiago de Compostela, febreiro 2008

Limiar

O Instituto da Lingua Galega é un centro de investigación da Universidade de Santiago de Compostela dedicado ao estudo e promoción da lingua de Galicia. A acta fundacional, que contén os seus primeiros estatutos, é de 26 de xullo de 1971, o que o converte nun dos máis antigos do tecido investigador galego. Desde o ano 1984 ten a sede no edificio López Ferreiro, na praza da Universidade, no centro histórico de Santiago de Compostela.

Os obxectivos básicos do Instituto da Lingua Galega son os seguintes:

- Desenvolver a investigación científica e técnica no campo da lingüística e filoloxía galegas, en todas as liñas e en todos os períodos históricos..
- Poñer á disposición da comunidade de investigadores e da sociedade en xeral, dentro e fóra de Galicia, os resultados das investigacións e o coñecemento sobre a lingua galega.
- Promover o desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas que poidan ser de aplicación para a investigación sobre a lingua galega e para difusión dos seus resultados.
- Realizar actividades docentes de doutoramento, posgrao e especialización relacionadas coa lingua galega, en coordinación co Departamento de Filoloxía Galega da USC.
- Desenvolver actividades de especialización e de formación continua dirixidas a profesionais relacionados coa lingua galega, en especial no eido do ensino non universitario e dos medios de comunicación.
- Prestar asesoramento técnico a institucións e persoas relacionadas coa normalización da lingua galega, e dun modo especial aos membros da USC.
- Promover e colaborar na organización de debates, xornadas, congresos, reunións científicas, seminarios e actividades análogas que estean en conexión coa natureza e funcións propias do ILG.
- Contribuír á normalización da lingua galega na sociedade.

O Consello Científico do ILG elabora unha memoria anual, dando conta das actividades realizadas no ano precedente e dos seus resultados de investigación. Consonte o estipulado no seu regulamento de réxime interno, esta memoria do ano 2008 foi presentada á Xunta de Goberno do instituto, reunida o día 26 de febreiro de 2009, que a aprobou por unanimidade. Cumpridos eses trámites, preséntase diante do Consello de Goberno da Universidade de Santiago, para a súa avaliación.

Como Directora do ILG, cun mandato renovado en decembro de 2008, compráceme presentar esta *Memoria 2008*, que recolle unha vez máis o cumprimento do plan estratéxico deseñado polo Consello Científico no ano 2004 e das liñas programáticas presentadas diante da Xunta de Goberno no inicio do ano 2008. A Directora e o Secretario do ILG, redactores desta memoria, agradecemos a dedicación, espírito de colaboración e xenerosa entrega de todos os integrantes do ILG. En nome do Consello Científico, agradecemos a confianza e a contribución das persoas e organismos que colaboran connosco, de distintas maneiras e a distintos niveis. Como cada ano, procuramos estar á altura dos compromisos adquiridos e cumprir axeitadamente coa sociedade galega.

Rosario Álvarez
Directora

Sección de dialectoloxía e xeografía lingüística

Arquivo do galego oral (AGO)

IP

Francisco Fernández Rei

MEMBROS DO EQUIPO

Carme Ares Vázquez

Henrique Costas González (UVigo)

Carme García Rodríguez

Carme Hermida Gulías

Ana García García

FINANCIAMENTO

Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

PÁXINA WEB

<http://ilg.usc.es/ago/>

O obxectivo xeral do proxecto é construír un corpus de interese multidisciplinar para estudar a situación da lingua oral, particularmente as variedades sociais e xeracionais, e á vez contribuír a un mellor coñecemento da sociedade galega a través de moi diversas mostras do patrimonio inmaterial. Os principais obxectivos son: 1º) inventariar e catalogar todo o material dos subarquivos que conforman o AGO; 2º) poñer en internet coleccións de etnotextos agrupados tematicamente e atendendo á súa distribución en áreas lingüísticas; 3º) redactar unha base de datos léxica do galego oral baseada, fundamentalmente, en etnotextos, que tamén se colocará en internet; 4º) actualizar e completar as coleccións de textos e outras gravacións; 5º) poñer na rede o corpus a través dun motor de buscas axeitado ás peculiaridades da lingua oral. Baixo a supervisión de Francisco Fernández Rei e Carme Hermida Gulías, no 2008 realizáronse os seguintes labores:

- Continuouse o inventario, catalogación e clasificación de gravacións de 1990 á actualidade. Ás 501 fichas do 2007 correspondentes a 169 concellos galegos, engadíronse 401 novos rexistros de 115 concellos. En cada ficha figura nome do concello, provincia, parroquia e lugar da gravación: sexo, idade e ocupación da persoa informante; autoría e tema (e subtema) da gravación, caso de estar transcrita.
- Escolma e preparación dunha mostra de 20 textos para Internet, que se transcribiron e dixitalizaron; planificación da plataforma onde colgar transcricións e arquivos de son; e inclusión dos principais datos almacenados nunha base creada para recoller todo o material pertinente (topónimos -lugar, parroquia e concello-, temas, subtemas, fichas das gravacións...).
- Páxina web do Arquivo do Galego Oral, que se creou como resultado da planificación do proxecto AGO. Este sitio web (<http://ilg.usc.es/ago/>) está aloxado no servidor do Instituto da Lingua Galega da USC e vaise poñer en breve a disposición do público.
- Dixitalización de 750 gravacións de 96 concellos e etiquetaxe dos topónimos completos da procedencia das gravacións.

Atlas Lingüístico Galego (ALGa)

DIRECTOR

Antón Santamarina

EQUIPO DE INVESTIGADORES/COORDINADORES

Rosario Álvarez Blanco
Francisco Dubert García
Francisco Fernández Rei
Manuel González González
Xulio Sousa Fernández

FINANCIAMENTO

Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística
Fundación Pedro Barrié de la Maza (publicación)

O *Atlas Lingüístico Galego* é o proxecto fundacional do Instituto da Lingua Galega. Entre os anos 1974 e 1976 Rosario Álvarez Blanco, Manuel González González e Francisco Fernández Rei, investigadores do ILG, realizaron as enquisas do cuestionario en 167 distribuídos en Galicia (152) e nas provincias de Asturias (7), León (5) e Zamora (3). O cuestionario do *ALGa* contén 2.711 preguntas coas que se pretende realizar unha descrición detallada das variedades xeográficas do territorio estudado.

O material recollido nos cuestionarios constitúe unha base de datos de case medio millón de rexistros na que, ademais do texto da resposta, se inclúe abundante información complementaria (anotacións sobre o uso, refráns, debuxos, fotos, etc.). Na actualidade a conexión entre a base de datos e un programa de xestión de información xeográfica (GIS) permite a representación cartográfica inmediata de cada unha das respostas do cuestionario.

En 1990 publicouse o primeiro volume impreso do *ALGa* e a finais de 2005 viu a luz o volume V. Os datos do *ALGa* foron e son fonte de moitos outros traballos publicados e en curso, desta e outras seccións do ILG, así como doutros investigadores e centros externos. Publicacións recentes derivadas:

- González González, Manuel: “El Atlas Lingüístico Galego, un hito en la historia de la dialectología gallega”, en Josefa Dorta (ed.): *Temas de dialectología*. La Laguna (Tenerife), 2007, 95-122.
- González González, Manuel: “Los estudios de dialectología gallega”, en *Jornadas sobre métodos informáticos en el tratamiento de las lenguas ibéricas*. Serie Cultura Hispánica 13, Tokio (Xapón): Universidade Sofía de Tokio, 2008, 74-76.

Atlas Lingüístico Galego. Vol. VI Terra. Plantas e árbores

IP

Francisco Fernández Rei

MEMBROS DO EQUIPO

Carme Hermida Gulías
Raquel Alonso Parada

No 2008 este volume, VI da serie, quedou practicamente concluído. As tarefas realizadas concréntanse nas seguintes liñas:

- Revisouse a base de datos dos mapas pendentes do ano 2007, particularmente entre o 166 *arbusto* e o 219 *pexego*.
- Redactáronse e revisáronse os mapas das plantas silvestres (de 97 *planta* a 175 *vimbieira*), e mais procurouse o nome científico das plantas e árbores do volume.
- Redactouse a xeito de glosario un **anexo de plantas** co inxente material complementario recollido nos inquéritos á marxe do estrito cuestionario de plantas. A súa redacción foi extremadamente laboriosa, porque con frecuencia as anotacións de campo son escasas e imprecisas, o que dificultou a identificación científica de bastantes plantas dese anexo.
- Revisouse a base de datos con todo ese material complementario.
- Estase procedendo á redacción dos **índices** do volume.

Atlas Lingüístico Galego. Vol. VII. Léxico agrícola (I)

IP
Manuel González González

MEMBROS DO EQUIPO
Rosa Mouzo Villar

Durante o ano 2008, os traballos relacionados co léxico da agricultura foron sinteticamente os seguintes:.

- a) Estableceuse a distribución dos mapas relacionados con este campo en dous volumes.
- b) Estableceuse a orde definitiva dos mapas que integran o primeiro volume, e que incorpora os subcampos: A terra de cultivo, Preparación da terra, , sementeira e o cultivo, Herba, Legumes e hortalizas.
- c) Elaboráronse 198 mapas, dos que tres deberon ser eliminados por non ofrecer información interesante desde o punto de vista da cultura material de Galicia. Faltan aínda por revisar as notas, e tamén a cartografía de aproximadamente 100 mapas.

Atlas Lingüístico Galego. Vol. V. O ser humano (II e III)

IP
Rosario Álvarez
Francisco Dubert
Xulio Sousa Fernández

MEMBROS DO EQUIPO
David Rodríguez Lorenzo
Verónica Rúa Garrido
María Pilar López Suárez

Neste ano continuouse coa revisión das notas correspondentes ao tomo II e coa preparación dos materiais do tomo III. As 291 notas que constituirán o volume I están actualmente redactadas e revisadas na súa maioría. Os materiais que comporán este tomo corresponden ao léxico vinculado coa vida en sociedade: denominacións por sexo e idade; parentesco, organización social e relacións veciñais; oficios e

profesións, coas súas ferramentas; compra e venda, coas medidas e aparellos de medición; a morte e a herdanza.

Ao mesmo tempo iniciáronse os traballos de preparación e ordenación dos materiais que constituirán o tomo III. As preguntas que formarán este tomo están vinculadas cos seguinte motivos: relixión, lendas e crenzas; festas relixiosas e profanas; xogos, diversións e instrumentos musicais; vestido e calzado; educación; conduta e características psicolóxicas.

Atlas Linguistique Roman (ALiR). Comité galego

IP

Manuel González González (Coord. comité galego)

MEMBROS DO EQUIPO

Xosé Afonso Álvarez Pérez

FINANCIAMENTO

Sen financiamento externo específico para o comité galego.

PROXECTO EN COOPERACIÓN

En colaboración con 31 universidades de oito países europeos.

O proxecto do *Atlas Linguistique Roman* (ALiR) nace en 1987, por iniciativa do *Centre de Dialectologie* da universidade francesa de Grenoble, co obxectivo de redactar un atlas de segunda xeración, interpretativo, que ofrezca unha visión de conxunto de toda a Europa de fala romance. Para tal fin, elaborouse unha rede de 1037 puntos por todo o territorio e seleccionáronse 592 nocións léxicas, 284 trazos fonéticos e 43 morfosintácticos, que se estudarán nos 11 volumes previstos para a obra. Cada concepto represéntase nun ou varios mapas e vai acompañado dun comentario que analiza e clasifica as formas recollidas, atendendo a diferentes aspectos (motivación, distribución xeográfica e estratigráfica das diferentes designacións, etnografía, etimoloxía...). Actualmente participan neste proxecto case 100 especialistas de máis de trinta universidades e organismos de investigación de oito países europeos (Bélxica, España, Francia, Italia, Portugal, República de Moldova, Romanía e Suíza). Non hai financiamento específico para o comité galego. O proxecto no seu conxunto recibe diferentes subsidios, como tamén algúns comités.

No ano 2008 enviouse ao prelo a versión definitiva do volume 2b, que conterá tres sínteses románicas elaboradas por membros do comité galego: *bousier* ("escaravello"); *merle* ("merlo") e *alouette* ("laverca"); o comité galego forneceu a información referente ao dominio galego para todos os conceptos incluídos nese volume. O Prof. González participou en xuño do 2008 na reunión do comité de Redacción, onde se decidiron diferentes aspectos sobre o cronograma do ALiR e a elaboración da base de datos, tamén coordinada polos membros do comité galego. En outubro de 2008 os dous integrantes do equipo participaron na *Encontada ALiR 2008*, en Vich (Fassa, Italia), que combinou conferencias sobre diferentes aspectos da xeolingüística europea con sesións de traballo en que se debateron e corrixiron os traballos xa realizados, de próxima publicación.

Actualmente, xa están publicados dous volumes do ALiR (1. *Presentación* e 2a. *Insectos e pequenos animais salvaxes*), con participación do Prof. Manuel González. O volume 2b sairá do prelo entre finais do 2008 e comezos do 2009.

Base de datos do Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI)

IP

Xulio Sousa Fernández
MEMBROS DO EQUIPO
 David Rodríguez Lorenzo
 Rosa Mouzo Villar

PROXECTO EN COOPERACIÓN

Centro de Humanidades y Ciencias Sociales, CSIC

O proxecto pretende ser unha continuación dos traballos iniciados no primeiro cuarto do século XX, cando o eminente filólogo Ramón Menéndez Pidal (A Coruña 1869—Madrid 1968) concibiu a idea de elaborar un atlas lingüístico das linguas románicas da península ibérica. No territorio administrativo galego encóntranse 53 puntos de enquisa do *ALPI*. O investigador Aníbal Otero (Ribeira de Piquín 1911—1974) foi o encargado da recollida dos materiais no territorio galego, axudado nalgunhas localidades por Aurelio M. Espinosa (fillo). O traballo de campo en Galicia completouse antes da Guerra Civil e foi incorporado na redacción do primeiro tomo publicado en 1962. Os cadernos do *ALPI* ofrecen unha imaxe moi completa e detallada das variedades lingüísticas galegas do primeiro tercio do século XX que axuda a comprender mellor a historia lingüística e cultural de Galicia.

Durante este ano continuouse coa informatización dos materiais dos cadernos galegos do *ALPI*. Ademais, en colaboración con investigadores co Centro de Humanidades y Ciencias Sociales (CSIC) iniciáronse os traballos para o establecemento dun sistema de transcripción fonética que permita un manexo máis doado e áxil da información contida nos cadernos.

Dixitalización e catalogación dos materiais do *ALGa*

IP

Xulio Sousa
 Rosario Álvarez
MEMBROS DO EQUIPO
 M^a. Carmen Pérez González
 Florentina Xoubanova Montero

FINANCIAMENTO

Consellería de Innovación e Industria

A finalidade desta acción é asegurar a conservación en soporte dixital dos materiais lingüísticos recollidos para o *ALGa* e tamén facilitar a súa consulta por partes dos investigadores. Os cadernos de enquisa, o material gráfico (debuxos e fotos) e o material sonoro recollido durante os traballos de campo do *ALGa* realizados nos anos 1974 e 1975 mantéñense aínda no formato orixinario (cadernos de papel, fotos, fitas fonográficas, etc.). Con esta acción preténdese garantir a conservación destes materiais mediante a súa dixitalización, informatización e almacenamento, e tamén facilitar a xestión interna da información. Están dixitalizados todos os cadernos de enquisa e comezouse o traballo de incorporación dos arquivos dixitais resultantes á base de datos do Atlas Lingüístico Galego, co que se arrequestrará esta e se facilitarán

e complementarán as consultas. Neste proxecto están a adoptarse os estándares empregados nos proxectos de dixitalización e metainformación.

Estudo dialectométrico das variedades xeolingüísticas do galego

IP

Xulio Sousa Fernández

MEMBROS DO EQUIPO

Rosario Álvarez Blanco

Francisco Dubert García

Ilda Luaces Torre

FINANCIAMENTO

Ministerio de Ciencia e Innovación

Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación

PROXECTO EN COOPERACIÓN

Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa

Fachbereich für Romanistik - Universidade de Salzburg

O obxectivo do proxecto é realizar unha descrición das variedades lingüísticas xeográficas da lingua galega utilizando as técnicas de análise dialectométrica. A investigación permitirá coñecer de maneira máis obxectiva e con maior fondura a proximidade entre as variedades xeolingüísticas, as áreas de cambio e transición entre as variedades, as zonas de xeración de cambios lingüísticos, as áreas máis permeables e as máis resistentes aos cambios. Os resultados do estudo permitirán tamén realizar unha proposta de clasificación das variedades que atenda a distintos trazos lingüísticos (fonética, morfoloxía, sintaxe, léxico) e a todos eles en conxunto. Durante este ano continuouse coa compilación de materiais para incorporar á base de datos e ao programa VDM (*Visual Dialectometry*).

Publicación derivada: Sousa Fernández, Xulio (2008): “Criterios de clasificación de datos léxicos en el análisis dialectométrico”, en Blaikner Hohenwart/Bortolotti/Lörincz (eds.): *Ladinometria. Festschrift für Hans Goebel zum 65. Geburtstag*, Istituto Culturale Ladino: Salzburg.

Portal de xentilicios e alcumes galegos

IP

Xosé Afonso Álvarez Pérez

MEMBROS DO EQUIPO

César Osorio Peláez

David Rodríguez Lorenzo

Damián Suárez Vázquez

FINANCIAMENTO

Sen financiamento externo específico

PROXECTO EN COOPERACIÓN

Convenio coa Fundación Camilo José Cela

O obxectivo do proxecto é poñer ao dispor de investigadores e público en xeral un portal na Internet que conteña información sobre xentilicios de localidades galegas, alcumes dos seus habitantes e mais refráns ou cántigas que se refiren a entidades poboacionais da nosa nación.

O material de partida deste portal serán as case 2000 respostas a un cuestionario elaborado por D. Camilo José Cela e enviado ás administracións postais de Galicia

nos anos setenta. A tal fin, foi asinado un convenio de cooperación entre a USC (a través do ILG) e a Fundación Fundación Camilo José Cela (FCJC).

Posteriormente, ampliárase o portal con material proveniente doutras fontes e abrírase a posibilidade de que os usuarios envíen achegas, que serán revisadas e, chegado o caso, incorporadas á base de datos.

As actuacións realizadas no último terzo do ano 2008 resúmese en catro liñas:

- Escaneáronse as fichas conservadas na FCJC referidas ás catro provincias galegas e atribuíuse cada unha delas a un punto xeográfico concreto (regularizado segundo o Nomenclátor).
- Deseñouse un prototipo de base de datos para realizar a transcripción das distintas fichas e o tratamento individualizado de cada unha das entradas.
- Comezou a transcripción e comentario das fichas da provincia da Coruña.
- Recolla de refráns xeográficos en fontes escritas, para incluílos na base de datos a carón das fichas da FCJC.

Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués

IP

Rosario Álvarez

MEMBROS DO EQUIPO

Xulio C. Sousa Fernández

María Álvarez de la Granja

Xosé Afonso Álvarez Pérez

Francisco X. Dubert García

Francisco Fernández Rei

Ernesto X. González Seoane

Antón Santamarina Fernández

Mónica Martínez Baleirón

Marta Negro Romero

Xandra Santos Palmou

PROXECTO EN COOPERACIÓN

Universidade de Lisboa

Universidade de Coimbra

Universidade Federal do Rio de Janeiro

O proxecto pretende crear unha base de datos dialectal en rede que permita almacenar, manexar e consultar información léxica das variedades dialectais faladas en Galicia, Portugal e Brasil. Esta base de datos servirá de fonte de información para a elaboración de dicionarios dialectais e doutros recursos lexicográficos. Tamén será unha ferramenta interesante desde o punto de vista do ensino.

Ademais dos investigadores do ILG integráronse no proxectos investigadores do Centro de Linguística da Universidade de Lisboa (João Saramago e Sandra Pereira), do Centro de Estudos de Linguística Geral e Aplicada da Universidade de Coimbra (Clarinda de Azevedo Maia, Isabel Santos e Maria José Carvalho Antunes). Tamén se conta coa asesoría e colaboración de Silvia Brandão, do Departamento de Letras Vernáculas da Universidade Federal do Rio de Janeiro, UFRJ. Por outra parte, participa como colaborador externo o prof. Michel Contini, da UFR des Sciences du Langage da Université Stendhal-Grenoble 3 (antigo Centre de Dialectologie), que asesorará o grupo como experto en etnolingüística dialectal.

Sección de edición de textos

Transcripción paleográfica de obras medievais

IP

Xavier Varela Barreiro

MEMBROS DO EQUIPO

Ramón Mariño Paz

Ricardo Gutiérrez Pichel

Paulo Martínez Lema

Raquel Rodríguez Parada

Mariña Arbor Aldea

Fabio Angelli

María Xosé Carrera Boente

Elvira Fidalgo Francisco

FINANCIAMENTO

Sen financiamento externo específico

A realización de estudos paleográficos, grafemáticos e fonéticos fan imprescindible dispoñer de lecturas paleográficas. A súa inexistencia imposibilitou no pasado o desenvolvemento destas liñas de investigación. Con este proxecto preténdese realizar a transcripción paleográfica dos nosos monumentos lingüísticos medievais. Nunha primeira fase abordáronse as obras literarias, históricas, técnicas, relixiosas e xurídicas. Nestes momentos está en marcha a edición de obras e coleccións de carácter notarial.

Cada obra conta cun arquivo propio, no que se reúnen imaxes dixitalizadas dos manuscritos e a súa transcripción paleográfica. Sobre esta base elaboraranse, cando sexa necesario, edicións interpretativas a partir das cales se poderán facer outros estudos lingüísticos. Están transcritas ou en vías de transcripción 22 obras ou coleccións documentais.

No ano 2008 centrouse a actividade en catro focos:

- Transcripción do Livro de Alveitaria de Mestre Girardo (Portugal)
- Revisión da transcripción do Tratado de Alveitaria (Galicia)
- Transcripción dos Miragres de Santiago
- Transcripción de distintas coleccións documentais:
 - San Fiz de Cangas (Pantón-Lugo)
 - San Mamede de Seavia (Coristanco-A Coruña)
 - San Salvador de Sobrado de Trives (Trives-Ourense)
 - San Xián de Moraime (Muxía-A Coruña)
 - San Xoán da Cova (Carballedo-Lugo)
 - Santa María de Ferreira de Pallares (Guntín-Lugo)
 - Santa María de Pesqueiras (Chantada-Lugo)
 - Santo Estevo de Chouzán (Carballedo-Lugo)

Edición de coleccións diplomáticas dos mosteiros galegos

IP

Ramón Lorenzo Vázquez

MEMBROS DO EQUIPO

M^a Carme Pérez González

FINANCIAMENTO

Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

A actividade dos últimos anos centrouse nas coleccións diplomáticas medievais dos mosteiros de Santa María de Montederramo (Ourense) e Santa María de Oia (Pontevedra).

A primeira está constituída por 1875 documentos. Despois dunha minuciosa e laboriosa revisión está disposta para o prelo, precedida dunha ampla introdución de Ramón Lorenzo.

Durante 2008 traballouse fundamentalmente na edición dos fondos documentais do mosteiro de Oia (Pontevedra), desenvolvendo catro labores de forma paralela:

- Primeira lectura e transcrición das fontes (48 documentos novos lidos neste ano).
- Relectura de corrección para cotexar datos e estilos dos diversos notarios e completar lecturas dúbidasas (79 documentos durante o 2008).
- Edición das imaxes dos documentos dixitalizados (810 imaxes tratadas).
- Baleirado dos datos relevantes de cada documento nunha base de datos.

Martín Sarmiento. Obra completa

IP

Henrique Monteagudo Romero

MEMBROS DO EQUIPO

Silvia Viso Pérez

Xurxo Martínez González

Serafín Alonso Pintos (IES Abrente, Ribadavia)

Concepción Varela Orol (UdC)

Xosé Antón López Silva (IES Porto do Son)

FINANCIAMENTO

Convenio co Consello da Cultura Galega

PROXECTO EN COOPERACIÓN

Consello da Cultura Galega

PÁXINA WEB

www.consellodacultura.org/Sarmiento/.

Martín Sarmiento (1695-1772) é un dos referentes da Ilustración española e unha figura esencial na elaboración dunha conciencia e dun saber especificamente galegos. O estudoso Antolín López Peláez dicía en 1895: “Sarmiento y Galicia, dos nombres que no pueden andar separados. Sarmiento consagró toda su erudición, que era inmensa y su actividad, que puede justamente clasificarse de milagrosa, a la mayor honra y gloria de Galicia”. A súa vasta produción vai máis alá dos eidos literario e humanístico para introducirse dun xeito moi persistente en aspectos de índole social e científica.

O proxecto *Martín Sarmiento. Obras completas*, nado en 2002, acomete, por medio dun equipo interdisciplinario de especialistas, a tarefa de recuperación e edición da obra escrita de Sarmiento, consistente na súa dixitalización, transcripción e estudo, ademais da elaboración dun rexistro exhaustivo de fondos manuscritos.

Ata a posta en marcha do noso proxecto, se se fixese unha estimación, poderíase calcular que a obra publicada de Sarmiento non superaba unha quinta parte do total que nos legou, fundamentalmente pertencente aos terreos filolóxico e humanístico. Así, da súa obra máis extensa (*Obra de 660 pliegos*), que ocupa cinco volumes da Colección Medina Sidonia, só foran publicados uns poucos fragmentos.

Ao longo deste ano 2008, o traballo centrouse principalmente na preparación do tomo XV desta *Obra*. Un latinista confeccionou o complexo aparato de notas a pé de páxina coa tradución e aclaración do enorme número de latinismos que enchen a obra de Sarmiento. A minuciosidade deste labor vén determinada tanto polas propias dificultades da lingua latina como polas posibles deturpacións do texto en tanto que se trata de copias e non de orixinais. Actualmente, este tomo, que corresponde ao volume III, xa está no prelo.

Así mesmo, no ano que remata, comezouse a transcribir parte da correspondencia de Sarmiento cos seus amigos, na que intercambia comentarios sobre cuestións varias que estes lle formulan.

No relativo á *Guía de fondos*, deuse comezo á realización do índice completo dos escritos de Sarmiento, que inclúe referencias ás copias e ás edicións existentes de cada un deles, amais doutras indicacións pertinentes (data, extensión orixinal, coleccións, edicións, etc.).

Amais, e sendo fieis á dupla natureza —divulgativa e científica— do proxecto, púxose en funcionamento a páxina web: www.consellodacultura.org/Sarmiento/. Este espazo convértese en parada obrigada para calquera investigador ou persoa interesada na vida e obra do bieito. Esencialmente, a web divídese en tres grandes bloques: un biográfico, de carácter divulgativo, acompañado dunha fotogalería con imaxes relativas ao contexto vital e intelectual de Sarmiento; outro de bibliografía, primaria e secundaria, orientado a especialistas investigadores, desde o que mesmo se pode acceder a artigos e traballos de investigación sobre o autor; e un terceiro que acollerá a colección documental dos textos que se están a editar, coa reprodución dixital da edición impresa e dos manuscritos, e que contará nun futuro próximo cunha exhaustiva guía de fondos. Loxicamente, este sitio está marcado polo seu carácter aberto e dinámico, de maneira que será actualizado e ampliado pertinentemente.

Tamén no ano 2008 viron a luz dous volumes; no momento de redactar esta memoria aínda non foi remitido pola imprenta o terceiro:

- Volume II *De historia natural y de todo género de erudición. Obra de 660 pliegos* ISBN: 978-84-96530-36-2 [NIPO: 472-08-001-2].
- Volume IV *De historia natural y de todo género de erudición. Obra de 660 pliegos* ISBN: 978-84-96530-38-6 [NIPO: 472-08-003-3].
- Volume IV *De historia natural y de todo género de erudición. Obra de 660 pliegos* ISBN 978-84-96530-37-9.

Sección de fonética e fonoloxía

AMPER-Galicia. Atlas multimedia prosódico do espazo románico

IP

Elisa Fernández Rei (Coord. comité galego)

MEMBROS DO EQUIPO

Manuel González González (IP do proxecto financiado polo MEC)

Xosé Luís Regueira

Ana Escourido Pernas (Univ. Barcelona)

Xosé Afonso Álvarez

Noelia Engroba Vidal

FINANCIAMENTO

Financiado parcialmente polo MEC

PROXECTO EN COOPERACIÓN

Université Stendhal-Grenoble III

Università degli Studi di Torino

E 27 universidades máis do resto de Europa e de Sudamérica (outra italiana, 3 portuguesas, 9 españolas, 1 romanese, 9 brasileiras, 2 venezolanas, 1 cubana e 1 chilena)

WEB

<http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/AMPER/amper.htm>

<http://perso.limsi.fr/rilliard/ampet/index.php>

O obxectivo do proxecto AMPER é confeccionar un atlas multimedia que permita consultar, a través de internet, os datos acadados sobre o estudo da prosodia nas distintas linguas románicas. A coordinación xeral do proxecto é responsabilidade dos profesores Michel Contini (Université Stendhal-Grenoble III, Francia) e Antonio Romano (Università degli Studi di Torino, Italia). Porén, para abranguer mellor a totalidade do espazo da Romania, fóronse incorporando distintos equipos de investigación multidisciplinares en varios dominios lingüísticos. Para o dominio galego, creouse AMPER-Galicia (coordinado por Elisa Fernández Rei), que se encarga do estudo das diferentes variedades dialectais do galego, sobre todo a través da gravación de distintos informantes e a análise dos principios índices acústicos da prosodia (F0, duración e enerxía). O proxecto comezou no ano 2003.

AMPER-Galicia ten como principal obxectivo facer unha descrición e estudo dos principais modelos entoativos do galego, a partir da recollida de datos procedentes dunha rede de puntos de enquisa repartidos ao longo de toda Galicia.

O equipo de AMPER-Galicia concorreu a unha convocatoria competitiva do MEC e conseguiu financiamento para un proxecto coordinado do que é investigador principal Manuel González (período 2005-2008). Este proxecto coordinado está formado por dous subproxectos: o que se leva a cabo no ILG e outro na Universidad de Oviedo. A finalidade de tal coordinación é estudar a entoación en toda a área do noroeste peninsular (zonas galego-falantes fóra das fronteiras administrativas de Galicia e as zonas de fala asturiana e de español de Asturias).

En 2008 rematouse practicamente o proceso de gravación e codificación dos 16 puntos de enquisa previstos no proxecto (quedan por completar só tres lugares): realizáronse as enquisas completas de Cospeito, Lobios, A Mezquita, Allariz, Cariño e O Barco. Rematáronse as gravacións, iniciadas anteriormente, en Ribadeo, Camelle,

O Grove, Cangas e Carballo. Comezáronse as enquisas en Oia, A Fonsagrada e Ribeira. Neste ano completouse a análise das interrogativas de Ribadeo, Cariño, Carballo, Ribeira, O Grove e Oia; se ben unha boa parte desas gravacións xa están codificadas e por tanto dispoñibles para seren analizadas. Polo que se refire aos resultados obtidos, comezamos a ter un panorama bastante completo dos modelos entoativos das interrogativas totais, tanto ao longo de toda a costa galega, coma nas áreas fronteirizas con Portugal e con Asturias.

Enviáronse á coordinación xeral de Grenoble as enquisas completas do Incio (home e muller) e Carballo (muller), que proximamente estarán dispoñibles na web <http://perso.limsi.fr/rilliard/amper/index.php>. Ana Escourido e Elisa Fernández Rei asistiron ao IV Congreso de Fonética Experimental en Granada (febreiro 2008) e ao simposio *La variation diathopique de l'intonation dans le domaine roumain et roman* en Iasi, Romanía (outubro 2008).

No mes de xuño visitáronnos Gotzon Aurrekoetxea e Txipi Ormaetxea (Univ. do País Vasco) para coñeceren a metodoloxía de traballo e os resultados obtidos polo noso equipo. Posteriormente, no mes de setembro, Elisa Fernández Rei foi convidada pola Universidade do País Vasco a dar un seminario sobre a metodoloxía de análise e pronunciou a conferencia “El estudio de la prosodia dialectal en AMPER: el caso del gallego”, no seo das xornadas *Hizkeren prosodia ikertzen*.

Publicacións derivadas:

- Contini, Michel / Antonio Romano / Lurdes de Castro Moutinho / Elisa Fernández Rei (2009): “L’avancement des recherches en géoprosodie et le projet AMPER”, *Estudios de Fonética Experimental XVIII*: 109-122.
- Escourido Pernas, Ana / Elisa Fernández Rei / Manuel González González / Xosé L. Regueira Fernández (no prelo): “A dimensión prosódica da oralidade: achega dende AMPER”, in X.L. Regueira / E. Fernández: *Perspectivas sobre a oralidade*, Santiago: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Fernández Rei, Elisa (no prelo): “O estudo da prosodia dialectal: contribución galega ao proxecto AMPER”, in E. Corral / L. Fontoira / E. Moscoso (eds.): *A mi dízen quantos amigos ey. Estudos filolóxicos en homenaxe a Xosé Luís Cruceiro*.
- Fernández Rei, Elisa / Ana Escourido Pernas (2008): “Problemas metodolóxicos en la adquisición de datos prosódicos a partir de córpora”, *Language Design Special Issue 2*: 249-257.
- Fernández Rei, Elisa / Ana Escourido Pernas (no prelo): “La entonación de las interrogativas totales a lo largo de la costa gallega”, que sairá publicado nas actas de *La variation diathopique de l'intonation dans le domaine roumain et roman*.
- González González, Manuel (2008): “Atlas prosódico galego”, *Jornadas sobre métodos informáticos en el tratamiento de las lenguas ibéricas*. Sofía: Centro de Estudios Hispánicos da Universidade de Sofía.
- González, Manuel / Eduardo Rodríguez / Francisco Campillo / Leandro Rodríguez / C. Iglesias (2008): “Specific features of the Galician language and implications for speech technology development”, *Speech Communication*.
- Muñiz Cachón, Carmen / Elisa Fernández Rei / Ana Escourido Pernas / Ruth González / Liliana Díaz / Mercedes Alvarellos (2008): “La entonación de dos zonas limítrofes de Galicia y Asturias”, *Language Design Special Issue 2*: 259-266.

Diccionario fonético galego

IP

Xosé Luís Regueira Fernández

MEMBROS DO EQUIPO

Carne García Rodríguez

Carne Hermida Gulías

Xulio Sousa Fernández

Colaborador

Antón López Dobao (CRTVG)

FINANCIAMENTO

Sen financiamento externo

PROXECTO EN COOPERACIÓN

O proxecto *Diccionario fonético galego* inscríbese na liña de traballo que trata de fornecer pautas para un modelo estándar da lingua galega oral.

Consiste na presentación de propostas de pronuncia de máis de 45000 palabras, que corresponden ás entradas do *VOLGa*. Para iso, elaboráronse uns criterios sobre cal debería ser a forma do galego estándar, tomando en consideración tanto datos lingüísticos coma sociolingüísticos. Á hora de aplicalos foi necesario investigar a forma fónica de varios miles de palabras, tanto por medio da consulta de toda a información fonética dispoñible coma por medio de enquisas realizadas a galegofalantes procedentes de diferentes puntos de Galicia. O proxecto comezou en 1999.

Este diccionario, por tanto, presenta unhas propostas de pronuncia modelo, que poden ser de utilidade e aplicación nos medios de comunicación falados, no ensino e en material didáctico, dicionarios, etc.

Foi obxecto de distintas presentacións en foros científicos.

- Regueira Fernández, X. L.: "Diccionario fonético galego", en Manuel González González / Elisa Fernández Rei / Begoña González Rei (eds.): *III Congreso Internacional de Fonética Experimental (Santiago de Compostela, 24-26 de outubro de 2005)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2007, 525-535.
- Regueira Fernández, X. L.: "Diccionario fonético galego: unha proposta de pronuncia estándar", en *VII Jornadas de Cultura Gallega* (Univ. de Granada, 24-27 de outubro de 2005).
- Regueira Fernández, X. L.: "Un modelo de estándar oral para a lingua galega", en Dieter Kremer (ed.): *Actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos (La Habana, 17-21 abril 2000)*. Vol. 1. Trier: Galicien-Zentrum der Universität / Ed. do Castro, 2000, 19-33.

Despois dunha revisión final, foi remitido á Real Academia Galega, que aceptou publicalo. Nestes momentos está no prelo.

Sección de gramática

Construcións verbais e sintaxe da oración

IP

Rosario Álvarez Blanco
Xosé Xove Ferreiro

MEMBROS DO EQUIPO

Francisco Cidrás Escáneo
Ernesto González Seoane
María Pereira Maceda
Xosé Luís Regueira Fernández
Xulio Sousa Fernández

FINANCIAMENTO

Acordo coa Real Academia Galega

PROXECTO EN COOPERACIÓN

Seminario de Gramática da RAG

O proxecto ten como finalidade a descrición das estruturas sintácticas oracionais do galego moderno a partir do verbo e presentada en forma de base de datos. O corpus inicial consta duns 100.000 rexistros seleccionados de entre o material ofrecido polo Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG). Para os constituíntes de cada oración establécese a función sintáctica, algunhas características semánticas e o tipo de unidade que a manifesta, coas particularidades formais que presenta en cada oración. Ademais destas informacións, a base de datos coa que se traballa contén sempre a acepción semántica do verbo estudado, a secuencia completa de todos os constituíntes da oración da que é núcleo o verbo e o esquema sintáctico dos constituíntes requiridos polo verbo nesa oración. Esta descrición permitirá un uso moi amplo, e en sentidos diferentes, da base de datos. Á parte desta utilidade xeral da base, o obxectivo primeiro do equipo céntrase na descrición dos verbos galegos tanto no relativo ás acepcións coma no que se refire ás construcións sintácticas, con vistas á elaboración dun dicionario de verbos, que á súa vez se encaixa dentro dos traballos realizados no seo do ILG para a realización dun dicionario xeral do galego. O proxecto comezou en xaneiro de 2002.

Seguindo co traballo de descrición de anos anteriores, durante o ano 2008 foron analizados e procesados rexistros dos verbos de maior frecuencia seleccionados, en concreto dos verbos *dar*, *ver*, *mirar*, *ollar*, *oír* e *sentir*, que en total suponen a incorporación ao corpus de algo máis de 6.300 novos rexistros.

Gramática contrastiva portugués-galego

IP

Rosario Álvarez
Xosé Xove Ferreiro

FINANCIAMENTO

Sen financiamento externo específico.

PROXECTO EN COOPERACIÓN

Universidade de Lisboa

O proxecto naceu ao abeiro da Cátedra de Galego da Universidade de Lisboa, no curso 1996-1997, coa participación de Rosario Álvarez e Xosé Xove Ferreiro (membros do ILG e docentes nesta materia na Fac. de Filoloxía da USC), María Antónia Mota e Isabel Leiria (Univ. de Lisboa). Tras un período inicial, pasou a ter vida intermitente.

O obxectivo final é a redacción dunha gramática contrastiva fundamental do portugués e o galego, con dous obxectivos compatibles: dunha banda, describir as semellanzas e diferenzas dos dous sistemas lingüísticos, en evitación de confusións e interferencias por ignorancia; doutra, facilitar a comprensión e a adquisición dunha lingua polos falantes da outra. Os resultados parciais son usados na docencia da materia *Lingüística contrastiva: galego e portugués* da titulación de Filoloxía Galega (Fac. de Filoloxía, USC), en cursos de mestrado e en cursos de doutoramento sobre *Gramática e variación lingüística*. Parte deles son publicados en forma de artigos e comunicacións en congresos.

O proxecto propiciou a consideración do galego en investigacións lingüísticas realizadas sobre o portugués (e viceversa); a participación cruzada en tribunais de teses de licenciatura, mestrado e doutorais en ambas as universidades; a tutela conxunta de traballos académicos, o intercambio continuo de información, a revisión mutua de traballos, etc.

Gramática da lingua galega

IP

Rosario Álvarez Blanco

MEMBROS DO EQUIPO

Francisco A. Cidrás Escáneo

Ernesto X. González Seoane

Xosé Luís Regueira Fernández

Xosé Xove Ferreiro

FINANCIAMENTO

Seminario de Gramática da RAG

PROXECTO EN COOPERACIÓN

Encargo da Real Academia Galega.

O obxectivo do encargo académico é redactar unha gramática descritiva do galego estándar, capaz de orientar sobre o uso e as múltiples opcións lingüísticas, e asemade sobre a corrección gramatical, dirixida a usuarios de amplo espectro, con certo nivel cultural pero sen coñecementos técnicos en lingüística.

Trátase, pois, dunha gramática descritiva, moderadamente prescritiva, que supón un avance sobre as gramáticas precedentes en que algúns de nós colaboramos, tanto pola maior extensión e amplitude da descrición, como polos obxectivos propostos. Dunha banda temos presente que se trata da gramática dunha institución á que, desde a fundación, se atribúe unha orientación e autoridade normativas, polo que vai resultar inevitable que a simple e pura descrición se entenda como prescrición. Doutra, temos presente que os destinatarios desta gramática son persoas dun certo nivel cultural (coma todos os que consultan a gramática de calquera lingua), pero non lingüistas, e que con frecuencia buscarán nela certezas sobre a corrección ou novas formas de expresión que amplíen o seu abano de orixe, á par de explicación sobre a maneira de ser da lingua. En suma, é unha gramática descritiva da variedade estándar da lingua, o que implica un certo carácter normativo que non se persegue como

obxectivo principal, baseada na tradición gramatical precedente e en investigación propia e inédita do equipo, comprobada por medio de corpora tirados do galego oral e do galego escrito nos últimos séculos.

Os criterios do equipo nesta difícil tensión entre descrición do uso e prescrición foi explicitada no marco do simposio *Variación e Prescrición*, organizado polo ILG no ano 2003, precisamente para escoitar distintas voces galegas sobre este tema e para aproveitar a experiencia dos redactores de tres grandes proxectos peninsulares de publicación recente, a través de senllos representantes dos equipos da gramática española (Violeta Demonte), da gramática catalá (Joan Solà) e da portuguesa (Inês Duarte). Ademais das conferencias individuais sobre os distintos campos de traballo, o equipo de gramática presentou o relatorio “Entre o uso e a norma. O proxecto de *Gramática* da Real Academia Galega”, que foi publicado no volume Rosario Álvarez & Henrique Monteagudo (2004): *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o galego*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 61-68.

Gramática xeral descritiva da lingua galega

IP

Rosario Álvarez Blanco

MEMBROS DO EQUIPO

Francisco A. Cidrás Escáneo

Ernesto X. González Seoane

Xosé Luís Regueira Fernández

Xosé Xove Ferreiro

FINANCIAMENTO

Sen financiamento externo específico na actualidade.

O traballo da sección de gramática organízase arredor do proxecto dunha gran *Gramática xeral descritiva do galego moderno*. O seu obxectivo é a descrición da gramática do diasistema do galego moderno (séculos XIX-XXI), atendendo ás distintas variantes xeográficas, cronolóxicas, sociais e estilísticas comprobables na actualidade. O proxecto e a configuración do equipo foron presentados en 1996, no seo do congreso que conmemorou o 25º aniversario do ILG, e publicados en R. Álvarez et alii (2004): “Dous proxectos de gramática descritiva”, en R. Álvarez Blanco / F. Fernández Rei / A. Santamarina (ed.) (2004), II, 521-525.

Tivo financiamento do MEC en dous programas sucesivos: *Gramática descritiva da lingua galega* (DGICYT, PB94-0656), no trienio 1995-1997; e *Sintaxe descritiva da lingua galega* (DGICYT, PB97-0531), no trienio 1998-2001. Na actualidade o equipo non está traballando directamente neste proxecto, mais nunca foi interrompido de facto, pois toda a súa actividade, dun xeito ou doutro, vai encamiñada ao obxectivo final desa gran gramática.

Sección de historia da lingua

Tesouro medieval galego-portugués

IP

Xavier Varela Barreiro

MEMBROS DO EQUIPO

Véxase a información particularizada en cada un dos subproxectos englobados

FINANCIAMENTO

Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística. Ministerio de Educación y Ciencia (HUM2006-11125-C02-02/FILO)
Consellería de Innovación e Industria (INCITE08PXIB302185PR)

PROXECTO EN COOPERACIÓN

Véxase a información particularizada en cada un dos subproxectos englobados

Baixo esta denominación xeral agrúpanse varios proxectos complementarios que o equipo de traballo dirixido por Xavier Varela Barreiro vén realizando no eido da lingüística de corpus desde o ano 1992 no Instituto da Lingua Galega. Teñen en común acoller nas súas bases textos da Galicia e do Portugal medievais e diferéncianse pola lingua que representan (galego-portugués, latín, castelán).

A organización xeral do conxunto é a seguinte:

<p>Xelmírez. Corpus lingüístico da Galicia medieval.</p> <p>É a póla galega do <i>Tesouro Medieval Galego-Portugués</i>. Acolle a produción romance (en galego e castelán) e latina da Galicia medieval.</p>	<p><i>TMILG</i></p> <p>Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega</p>
	<p><i>TMILL-G</i></p> <p>Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Latina - Galicia</p>
	<p><i>TMILC-G</i></p> <p>Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Castelá – Galicia</p>
<p>Dom Dinis. Corpus lingüístico do Portugal Medieval.</p> <p>É a póla portuguesa do <i>Tesouro Medieval Galego-Portugués</i>. Acolle a produción romance e latina do Portugal medieval.</p>	<p><i>TMILP</i></p> <p>Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Portuguesa</p>
	<p><i>TMILL-P</i></p> <p>Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Latina - Portugal</p>

Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG)

IP

Xavier Varela Barreiro

MEMBROS DO EQUIPO

Ramón Lorenzo Vázquez

Rocío Dourado Fernández

Lucía Doval Iglesias

Ricardo Gutiérrez Pichel

Paulo Martínez Lema

César Osorio Peláez

Iria Pérez Mariño

Iago Santiso Fernández

Colaboradoras:

Alexandra Cabana Outeiro

Amparo Cereixo Silva

FINANCIAMENTO

Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística. Ministerio de Educación y Ciencia (HUM2006-11125-C02-02/FILO)

Consellería de Innovación e Industria (INCITE08PXIB302185PR)

PROXECTO EN COOPERACIÓN

Véxase descrición de *RILG*

PÁXINA WEB

<http://ilg.usc.es/tmilg>

É, dentro de *Xelmírez*, a liña máis avanzada e de maior proxección externa. Trátase do subcorpus das obras e coleccións documentais redactadas en romance galego na Galicia medieval. A base do *TMILG* contén a totalidade das obras non notariais publicadas da Galicia medieval (literarias, históricas, relixiosas, xurídicas e técnicas). Das obras notariais xa está incluída unha boa parte das publicadas (aproximadamente o 95%) e están moi avanzados os traballos para a carga das restantes. Así mesmo están informatizadas ou en proceso de informatización boa parte das coleccións documentais aínda inéditas recollidas en traballos académicos de distinto teor (teses de doutoramento, teses de licenciatura, TITs, etc.). En número, os documentos colectados son máis de 15.000. O arco cronolóxico vai do século XIII a mediados do XVI (con rexistros romances desde o VIII).

Está accesible en rede unha versión sen lematizar e sen marcaxe onomástica. Para os seus traballos o grupo de investigación dispón xa dunha versión dos textos na que está rematada a marcaxe onomástica e segue o seu curso o proceso de lematización.

Ao longo do ano 2008 os membros do equipo someteron a unha coidadosa revisión e corrección 38 novas obras, desiguais no seu volume textual e tamén en ocasións na súa glotoloxía, pois cada vez é maior o número de textos en castelán, pertencentes sobre todo a coleccións documentais dos séculos XV e XVI. Sobra dicir que isto supuxo un esforzo considerable e que a súa realización levou o corpus a un estado xa moi avanzado de desenvolvemento. Simultaneamente converteuse ao formato XML boa parte das obras preparadas en formato TXT no ano anterior (2007). Suman en total 43 obras. O proxecto foi presentado no del Col-loqui internacional de corpus diacrónicos en llengües iberorromániques: Gutiérrez Pichel, R. / Varela Barreiro, X. (2008): “O corpus do galego medieval: o *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG)*”, en *Diacronía de las lenguas iberorromances: nuevas perspectivas desde la lingüística de corpus (Actas del Col-loqui internacional de corpus diacrónicos en llengües iberorromániques, Universitat de les Illes Balears, Palma de Mallorca, 25-27 de octubre 2007)*. Ed. Lingüística Iberoamericana / Vervuert (no prelo).

TMILG está coordinado con outros proxectos propios do ILG e con proxectos doutras universidades. Da súa parte o equipo do *TMILG*, xuntamente co do *TILG* e os dos dicionarios de dicionarios (moderno e medieval), mantén relación estable Seminario de Lingüística Informática Universidade de Vigo. O obxectivo primeiro é a construción dunha plataforma de recursos informatizados para a investigación da lingua galega (vid. *RILG*).

Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Castelá – Galicia (TMILC-G)

IP

Xavier Varela Barreiro

MEMBROS DO EQUIPO

Ramón Mariño Paz

Rocío Dourado Fernández

Lucía Doval Iglesias

Ricardo Gutiérrez Pichel

Paulo Martínez Lema

Iria Pérez Mariño

Iago Santiso Fernández

Colaboradora:

Raquel Alonso Parada

FINANCIAMENTO

Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

A presenza de documentos labrados en castelán entre a documentación procesada estase aproveitando para ir construíndo no ILG un corpus do castelán de Galicia. Na actualidade son 2.500 os documentos preparados; no futuro ampliarase o arco cronolóxico, comezando pola Idade Moderna, na procura dun subcorpus en castelán, que vai permitir encher algunhas lagoas, sobre todo léxicas e onomásticas, pero tamén fonéticas e morfosintácticas, ás que condena a precariedade do galego escrito no período medio da nosa historia. Está previsto que nese momento o *TMILC* pase a chamarse *CHCG* (*Corpus Histórico do Castelán de Galicia*).

Codificáronse e preparáronse os documentos ou fragmentos en castelán das 38 novas obras incorporadas ao *Xelmírez* e das 43 convertidas ao formato XML (véxase información sobre *TMILG*).

Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Latina – Galicia (TMILL-G)

IP

Xavier Varela Barreiro

MEMBROS DO EQUIPO

Xosé Luís Couceiro Pérez

Rocío Dourado Fernández

Lucía Doval Iglesias

Ricardo Gutiérrez Pichel

Paulo Martínez Lema

Iria Pérez Mariño

Iago Santiso Fernández

Colaborador:

Xaime Varela Sieiro

FINANCIAMENTO

Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

Os traballos de preparación dos textos de coleccións documentais plurilingües foi achegando ao Xelmírez un importante número de documentos e obras labrados en latín. Na actualidade a cifra ronda os 5.000, o que fai do *TMILL* un corpus bastante representativo do latín medieval galaico. Dada a existencia desde hai moitos anos do *CODOLGA* (*Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*) e a posibilidade de consultalo on line, non é previsible a posta en rede do *TMILL*. Mais as facilidades que reporta contar con tantos documentos latinos homologados na súa etiquetación aos do *TMILG* fan imprescindible continuar arrequentando as súas bases textuais. Sen eles non sería posible avanzar, como se está a facer, nos traballos propios de carácter onomástico (nestes momentos só toponímico) e de sociolingüística histórica (emerxencia do romance fronte ao latín e posterior decadencia do galego fronte ao castelán).

Durante o ano 2008, codificáronse e preparáronse os documentos ou fragmentos en latín das 38 novas obras incorporadas ao *Xelmírez* e das 43 convertidas ao formato XML (véxase *TMILG*).

Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Portuguesa (TMILP)

IP

Xavier Varela Barreiro

MEMBROS DO EQUIPO

Eduardo Moscoso Mato
Rocío Dourado Fernández
Lucía Doval Iglesias
Ricardo Gutiérrez Pichel
Paulo Martínez Lema
Iria Pérez Mariño
Iago Santiso Fernández

FINANCIAMENTO

Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

PROXECTO EN COOPERACIÓN

Colaboración cos equipos dos profesores João Malaca Casteleiro (Academia das Ciéncias de Lisboa) e Maria Francisca Xavier (Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa)

Xa nos inicios, a comezos dos anos 90, estableceuse o obxectivo de construír un corpus que comprendese textos ao norte e ao sur do río Miño e da franxa occidental de Asturias, León e Zamora. En diferentes momentos, como resposta a necesidades concretas dos traballos do equipo na altura, fóronse informatizando e etiquetando obras do Portugal medieval de tipoloxía variada. Na actualidade son máis de 100 as obras que, en diferente fase de preparación, están ao dispor do equipo. Algunhas das máis significativas son: *Livros de Linbagens*, *Tempos dos preitos*, *Livro dos bens de dom João de Portel*, *Crónica Geral de 1344*, *Livro de Joseph de Arimateia*, *Arte de bem cavalgar toda sela*, *Demanda do Santo Graal*, *Foros de Castelo Rodrigo*, *Foro Real*, *Primeira Partida*, *Livro das aves*, *Cancioneiro Geral de Garcia de Resende*, documentos editados por Clarinda Maia, colección documental de Ana Maria Martins, etc. A codificación empregada é a mesma do *TMILG* e a súa posta en rede está prevista a medio prazo.

Continúa aberta a colaboración co equipo dos Profesores João Malaca Casteleiro (Academia das Ciéncias de Lisboa) e Maria Francisca Xavier (Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa), que dará lugar ao desexable e esperado corpus medieval conxunto galego-portugués. A colaboración ampliarase no futuro á elaboración do *Dicionario medieval galego-portugués*, botado xa andar polo equipo lisboeta

co seu *Dicionário do Português Medieval* e que deberá ser redefinido no futuro para axéitalo ao novo horizonte.

Durante o ano 2008 convertéronse ao formato XML algunhas obras de carácter notarial (documentos de Ana Maria Martins, documentos de Clarinda Maia) e non notarial (*Demanda do Santo Graal* e *Crónica Geral de 1344*).

Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Latina – Portugal (TMILL-P)

IP

Xavier Varela Barreiro

MEMBROS DO EQUIPO

Xosé Luís Couceiro Pérez

Rocío Dourado Fernández

Lucía Doval Iglesias

Ricardo Gutiérrez Pichel

Paulo Martínez Lema

Iria Pérez Mariño

Iago Santiso Fernández

Colaborador:

Xaime Varela Sieiro

FINANCIAMENTO

Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

En paralelo co *TMILL-G*, estanse reunindo e codificando as obras do legado portugués medieval en latín.

Durante o ano 2008 incluíronse as seguintes obras: *Documentos medievais portugueses. Documentos particulares; Documentos medievais portugueses. Documentos régios; Forais de Caminha; Liber fidei sanctae bracarensis ecclesiae; Livro Preto da Sé de Coimbra; Missal de Mateus; O Mosteiro de Arouca. Do século X ao século XIII; Testamento de Mumadona; Tumbo de Fiães; Vida de San Frutuoso de Braga.*

Dialectoloxía medieval galego-portuguesa

IP

Xavier Varela Barreiro

MEMBROS DO EQUIPO

Francisco Fernández Rei

Carme Hermida Gulías

Rocío Dorado Fernández

Ricardo Gutiérrez Pichel

Paulo Martínez Lema

Iria Pérez Mariño

Iago Santiso Fernández

FINANCIAMENTO

Sen financiamento externo específico

Este proxecto continúa en fase de maduración. O grande volume de textos do *TMILG* e do *TMILP* e a cobertura documental de practicamente todo o territorio cunha rede textual moi mesta para cada século medieval supoñen nunha boa situación para abordar por primeira vez o estudo sistemático da variación dialectal na

lingua escrita do occidente peninsular. Isto esixe reflexionar sobre a maneira de enfocar a metodoloxía de traballo, sobre a intervención que haberá que facer sobre os cörpera e sobre os cambios na DTD e nos cabezallos dos textos.

Mantivéronse reunións para establecer unha batería de fenómenos dialectais que figuren nos textos e que permitan empezar a balizar no territorio do Occidente medieval as grandes zonas por diferenciación entre si e por homoxeneidade e unidade lingüística interna. A magnífica referencia da clasificación de Fernández Rei (1990) para o galego actual permite establecer desde o principio un diálogo permanente entre a situación medieval e a actual e ao final posibilitará a realización dunha Dialectoloxía Histórica da Lingua Galega. Acordouse incorporar á DTD unha nova etiqueta na que se indicará, cando for posible, o valor dialectal que lle atribúe Fernández Rei na actualidade ao lugar representado polo documento. Ata o momento só se realizou na documentación de Clarinda Maia correspondente a Galicia, mais a partir de agora aplicarase ás novas coleccións coas que se vaian arrequentando os cörpera e aplicarase no futuro nas próximas revisións que se fagan das obras e coleccións xa procesadas. Haberá que establecer tamén unha referencia clasificatoria para o portugués actual.

Estudo lingüístico e paleográfico do Cancioneiro da Ajuda

IP

Xavier Varela Barreiro

MEMBROS DO EQUIPO

Mariña Arbor Aldea (USC)

Mercedes Brea López (USC)

Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo)

María Xosé Carrera Boente

Marta López Macías

Raquel Rodríguez Parada

FINANCIAMENTO

Consellería de Innovación e Industria

(PGIDIT06PXIB240159PR) (anos 2006-2009)

PROXECTO EN COOPERACIÓN

La lírica gallego-portuguesa en la corte de Alfonso X. Autores y textos (HUM2007-61790). IP: Pilar Lorenzo Gradín.

Cancioneiros gallego-portugueses: edición crítica e estudo (en formato impreso e electrónico). Proxecto coordinado (USC / UDC / UVIGO). USC: “Cancioneiro de cabaleiros” (PGIDIT06CSC20401PR). Xunta de Galicia. IP: Mercedes Brea López.

A pouca atención prestada ao estudo sistemático da lingua dos cancioneros contrasta co grande desenvolvemento doutros enfoques, nomeadamente o literario e o histórico. Con este proxecto preténdese dar un primeiro paso no intento de equilibrar os resultados dun e doutro enfoque. O *Cancioneiro da Ajuda* é o primeiro dos cancioneros, o único contemporáneo ao mundo trobadoresco e a obra que mellor representa o primeiro latexar da escrita literaria hispánica occidental. O plan xeral das actividades comprende:

- Construción do *Arquivo de Recursos do Cancioneiro da Ajuda* (ARCA).
- Fixación do texto (versións paleográfica, pospaleográfica, preinterpretativa e interpretativa). Pártese de edición paleográfica propia, realizada por Mariña Arbor.
- Construción do corpus informatizado (fabricación dun modelo informático de xestión textual por estratos relacionables; elaboración da DTD e aplicación a

tres das versións do texto; elaboración dos criterios de lematización e etiquetación e posterior aplicación ao texto da versión interpretativa).

- Estudo paleográfico.
- Estudo gráfico.
- Estudo fonético.
- Estudo morfolóxico.
- Estudo léxico e onomástico.
- Estudo sintáctico.
- Estudo da variación dialectal.

Durante o ano 2008 avanzouse significativamente en cada unha das actividades previstas, e moi en especial en catro delas: (a) Fixación definitiva da edición paleográfica do cancionero; (b) Fixación definitiva da edición interpretativa; (c) Lematización dos textos a partir da edición interpretativa; (d) Construción do prototipo do *Dicionario de grafías do Cancioneiro da Ajuda*.

Do proxecto derivan as seguintes publicacións:

- Arbor Aldea, Mariña (2008): “Metro, lírica profana galego-portuguesa e práctica ecdótica: consideracións á luz do *Cancioneiro da Ajuda*”, in *I Coloquio sobre crítica textual. A edición da lírica trobadoresca en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Arbor Aldea, Mariña (no prelo): “Notas para a historia do *Cancioneiro da Ajuda* II: O Ms. HC 380-776 Hispanic Society of America, New York.”, in *Homenaxe ao Profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago Santiago de Compostela: USC, 45-56.
- Arbor Aldea, Mariña / Xavier Varela Barreiro (2008): “O uso dos signos gráficos <i> e <y> como segundo elemento de ditongo decrecente. A evidencia de dúas mans na copia do *Cancioneiro da ajuda*”, en Brea / Fernández / Regueira (eds.): *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: USC, 419-442.
- Fidalgo, Elvira / Xavier Varela (2008): "Achegas para a edición crítica da Cantiga de Valcavado", in Esther Corral / Lydia Fontoira / Eduardo Moscoso (eds.): "*A mi dízen quantos amigos ey*": *homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade, 145-154.

Historia da scripta na Galicia medieval

IP

Xavier Varela Barreiro

MEMBROS DO EQUIPO

Mariña Arbor Aldea

Ramón Mariño Paz

Alexandre Rodríguez Guerra

Ricardo Gutiérrez Pichel

María Xosé Carrera Boente

Marta López Macías

Raquel Rodríguez Parada

Colaborador:

Fabio Angelli

FINANCIAMENTO

Sen financiamento externo específico

Unha derivación inmediata das edicións paleográficas que se están a preparar no ILG é a posta en marcha dun proxecto de estudo da historia da escrita galega medieval. Durante o ano 2006 ideouse e creouse unha base de datos para o asentamento e posterior aproveitamento dos datos gráficos. Na actualidade están introducidos nela e codificados os materiais íntegros do Cancioneiro da Ajuda. Dela están tirados os datos de dous traballos xa publicados, un de tipo xeral sobre as grafías do Cancioneiro (Alexandre Rodríguez e Xavier Varela) e outro sobre a alternancia <i> / <y> nos ditongos decrecentes (Mariña Arbor e Xavier Varela).

Os tests aos que se someteu a base de datos amosan a súa validez como instrumento para continuar traballando con novas obras. Ademais do Cancioneiro da Ajuda, están preparados nestes momentos os catro códices das Cantigas de Santa María e o Tratado de Albeitaría (este como resultado dos traballos do curso de doutoramento *Gramática histórica galega. Cuestións de fonética e morfosintaxe* do curso 2005-2006).

No ano 2008 centrouse a actividade na codificación escriptográfica de catro obras ou grupos de obras:

- Livro de Alveitaria de Mestre Girardo (Portugal)
- Tratado de Albeitaría (Galicia)
- Miragres de Santiago
- Distintas coleccións documentais:
 - San Fiz de Cangas (Pantón-Lugo)
 - San Mamede de Seavia (Coristanco-A Coruña)
 - San Salvador de Sobrado de Trives (Trives-Ourense)
 - San Xián de Moraime (Muxía-A Coruña)
 - San Xoán da Cova (Carballedo-Lugo)
 - Santa María de Ferreira de Pallares (Guntín-Lugo)
 - Santa María de Pesqueiras (Chantada-Lugo)
 - Santo Estevo de Chouzán (Carballedo-Lugo)

Gramática histórica da lingua galega

IP

Xavier Varela Barreiro

MEMBROS DO EQUIPO

Ramón Mariño Paz

Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo)

Colaboradora:

Amparo Cereixo Silva

FINANCIAMENTO

Sen financiamento externo específico

A realización desta obra foi o que motivou a construción dun corpus do galego medieval. Durante bastantes anos quedou relegada a un segundo plano e os esforzos centráronse sobre todo nos traballos do *Xelmírez*.

A *Gramática Histórica* ten abertos na actualidade os traballos de tres dos seus catro volumes (*I: Fonética e fonoloxía; II: Morfoloxía; III: Sintaxe; IV: Léxico*). No eido da fonética fóronse publicando diferentes traballos. Destacan os realizados por Ramón Mariño, que é o responsable da coordinación do primeiro volume. No terreo da

morfoloxía fixéronse moitos traballos, algúns como publicacións e outros como traballos académicos (TADs, TITs, memorias de licenciatura e teses de doutoramento). O coordinador do volume é Xavier Varela. Para o tomo da sintaxe elaborouse unha base de datos (*AOGM*) na que se vén realizando desde os anos 90 análise oracional. O número de oracións analizadas ascende a 40.000. Unha parte importante delas foi feita por Amparo Cereixo, que trata na súa tese de doutoramento a función de Complemento Indirecto en galego medieval. Son súas todas as fichas introducidas recentemente. Pola súa banda, Alexandre Rodríguez, coordinador do volume de sintaxe, ten varias publicacións recentes que consisten en achegas parciais en dominios inexplorados da sintaxe medieval e ten redactado un primeiro borrador da historia da oración simple.

O proxecto segue vixente, aínda que durante o 2008 non se produciron avances significativos, por estar o equipo volcado noutros proxectos complementarios da sección.

Sección de lexicografía

Diccionario de diccionarios do galego medieval (versión 2.0)

IP

Ernesto Xosé González Seoane

MEMBROS DO EQUIPO

María Álvarez de la Granja

Raquel Rodríguez Parada

María Rodríguez Suárez

Damián Suárez Vázquez

FINANCIAMENTO

Convenio coa SXPL (ata 2008).

Vid. *RILG*

Este proxecto ten por obxecto darlle continuidade a unha iniciativa posta en marcha xa en 2001 e que produciu como resultado máis destacable a edición en 2006 da versión 1.0 do *Diccionario de diccionarios do galego medieval*.

A versión 2.0, na que o equipo investigador vén traballando mesmo desde antes da publicación da primeira, persegue un triple obxectivo: (a) ampliar o corpus de textos compilados na primeira versión; (b) potenciar as ferramentas de procura no corpus e engadir outras que permitan un maior aproveitamento da información contida nos textos, e (c) integrar o DDGM na plataforma RILG, que permitirá a consulta simultánea dos diversos cörpera textuais e lexicográficos do Instituto da Lingua Galega e do Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo.

Polo que se refire ao proceso de ampliación do corpus, cabe salientar que ao longo de 2008 deuse por rematado o proceso de etiquetación das novas obras que serán incorporadas na nova versión do DDGM. Ademais, avanzouse considerablemente na aplicación aos textos da primeira edición do novo etiquetario deseñado para a segunda. Finalmente, o equipo de traballo proseguiu coa elaboración dun leuario unificado para o galego medieval, que será o que sirva de principal punto de arranque para as procuras da versión 2.0 do DDGM, así como coa vinculación deste leuario medieval co do galego moderno, o que posibilitará a realización de procuras conxuntas no DDGM e noutros recursos electrónicos como o TILG, o TMILG, ou o Diccionario de diccionarios modernos.

Ernesto González Seoane / María Álvarez de la Granja / Ana Isabel Boullón Agrelo / Raquel Rodríguez Parada / María Rodríguez Suárez / Damián Suárez Vázquez (2008): "El *Diccionario de diccionarios do galego medieval*", en Elisenda Bernal / Janet DeCesaris (eds.): *Proceedings of the XIII EURALEX International Congress (Barcelona, 15-19 July 2008)*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada (UPF), 385-389.

Tesouro informatizado da lingua galega e Dicionario da lingua galega (base de datos lexicográfica)

IP Antón Santamarina	FINANCIAMENTO Convenio coa SXPL
MEMBROS DO EQUIPO María Belén López Gómez Lorena López López María Vitorro Piñeiro Noelia Estévez Rionegro	PROXECTO EN COOPERACIÓN Vid. RILG
	WEB http://www4.usc.es/TILG/ http://sli.uvigo.es/RILG/

Durante o ano 2008 continuou a incorporación de novos materiais á base de datos: desde a memoria anterior incluíronse 30 novos textos de obras completas e, ademais, están procesándose os números 10-50 (1917-1918) de *A Nosa Terra* e os 48 primeiros números de *Nós* (1920-1927).

Simultaneamente, o director do proxecto, en colaboración co Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo, fixo os traballos pertinentes para a transformación do sistema de consulta actual (en base de datos) por outro máis adecuado ás necesidades dos usuarios actuais, a saber, conversión da base de datos en texto etiquetado XML, no que cada palabra (nun texto seguido) levará as etiquetas que corresponden a cada un dos campos da base de datos actual pero vai permitir consultas máis variadas e flexibles. Ao mesmo tempo, traballouse no perfeccionamento dun programa que vai permitir recuperar os lemas e categorías gramaticais para unha cincuentena de palabras frecuentes que quedaran sen lematizar.

Nos próximos meses estarán reprocessados todos os textos. Iso vai supor que a actual base de datos *TILG* (<http://www4.usc.es/TILG/>) será actualizada, aumentará un terzo o número de lemas actuais e incrementárase cos textos lematizados desde 2004 ata hoxe. A nova base será consultable no sitio do proxecto RILGA, froito da colaboración do ILG co SLI; o sitio, ata agora provisional e en probas, é <http://sli.uvigo.es/RILG/>.

Dicionario de dicionarios: xergas

IP Antón Santamarina	FINANCIAMENTO Sen financiamento externo específico
--------------------------------	--

Este proxecto está vinculado ao *Dicionario de dicionarios* e supón a elaboración dun multidicionario electrónico que permita consultar de xeito áxil os distintos glosarios e vocabularios de xergas galegas. As obras incorporadas deica agora son monografías ou apéndices de artigos, ademais dalgún traballo inédito; no ano 2008 incorporouse algunha obra nova. A maior parte destas obras están xa etiquetadas e revisadas.

RILG. Recursos integrados para o desenvolvemento de tecnoloxías da lingua galega: desenvolvemento e integración dos recursos de enxeñería lingüística do Instituto da Lingua Galega

IP

Antón Santamarina Fernández

MEMBROS DO EQUIPO

María Álvarez de la Granja

Francisco Fernández Rei

Ernesto Xosé González Seoane

Carme Hermida Gulías

Ramón Mariño Paz

Eduardo Miguel Moscoso Mato

Xavier Varela Barreiro

Persoal de apoio

Lucía Doval Iglesias

César Osorio Peláez

María Rodríguez

Damián Suárez Vázquez

FINANCIAMENTO

Ministerio de Educación e Ciencia (HUM2006-11125-C02-02/FILO)

Consellería de Innovación e Industria (INCITE08PXIB302185PR)

Os obxectivos deste proxecto céntranse na integración interuniversitaria de recursos lingüísticos computacionais, primordialmente do ámbito da lingüística de corpus, mais tamén no da lexicografía e terminoloxía computacional e baseada en cörpera. O resultado final será un portal en Internet no que se integren os distintos recursos dos dous equipos de investigación: o do Instituto da Lingua Galega (USC) e o do Seminario de Lingüística Informática (UVigo).

En case todos os centros de investigación nos que se fai lingüística computacional, e máis especificamente de corpus, séntese a necesidade apremiante de superar o nivel dos cörpera fragmentarios e individuais. Dá fe diso o feito de que na 3^e Rencontre Fribourgeoise de la Linguistique sur Corpus Appliquée aux Langues Romanes, celebrada na Universidade Albert-Ludwig de Fribourg en setembro de 2006, estivese previsto un importante foro de discusión e de concepción que tivo como tema "Vers un corpus international et équilibré de la langue française". A integración de cörpera textuais e de obras lexicográficas no eixo cronolóxico, xeográfico e estilístico, xerados en diversos equipos e proxectos, é unha liña prioritaria de investigación para moitas linguas e constitúe o centro de interese primordial dos equipos e persoas que realizan este proxecto. Da parte do Instituto da Lingua Galega é unha constante que vén de vello e que deu como froito a construción dos cörpera da historia íntegra da lingua galega (TMILG, TILG e AGO) e dos correspondentes dicionarios de dicionarios (DDGMe e DDGMo).

Sección de Onomástica

Diccionario dos apelidos galegos

IP

Ana I. Boullón Agrelo

MEMBROS DO EQUIPO

Gonzalo Navaza Blanco (UVigo)

Antón Palacio Sánchez (UVigo)

Luz Méndez (TVG)

FINANCIAMENTO

Sen financiamento externo específico.

O *Diccionario* terá entre 15.000 e 20.000 entradas (contando os lemas principais e os secundarios), ordenadas alfabeticamente e seleccionadas por orde de frecuencia. Os datos parten do Censo proporcionado polo Instituto Nacional de Estadística (Madrid) correspondentes ao ano 2001. Os lemas escóllense entre as variantes existentes a partir da súa forma estandarizada. Cada entrada inclúe o número de ocorrencias de cada forma, información etimolóxica, documentación histórica (a datación máis antiga que se coñece), e, nos casos que proceda, datos sobre a difusión actual e a relación co topónimo correspondente.

Durante o ano 2008 continuouse coa redacción de entradas. Ademais, o proxecto foi presentado no ámbito do congreso *Lessicografía e Onomástica 2. Giornate internazionali di studio. 14-16 febbraio 2008*, organizado polo Dipartimento di Italianistica e a Rivista Italiana di Onomastica Facoltà di Lettere e Filosofia, na Università degli Studi Roma Tre (Roma), onde Ana Boullón e Luz Méndez leron unha comunicación co título *Diccionario dos apelidos galegos: cuestiones metodológicas*.

Dictionnaire historique de l'anthroponymie romane (PatRom)

INVESTIGADORES (comité galego)

Ana I. Boullón Agrelo

Ramón Lorenzo

FINANCIAMENTO

DGCYT (MEC, Madrid) entre 1990 e 1996.

Actualmente sen financiamento externo específico.

PROXECTO EN COOPERACIÓN

18 universidades ou centros de investigación europeos

O *Dictionnaire historique de l'anthroponymie romane* é un dicionario etimolóxico, histórico e comparativo da antroponimia románica de orixe léxica. Estuda o proceso de antroponimización de lexemas romances que conduciu á formación de boa parte dos apelidos modernos. É, por tanto, un dicionario de antroponimia, pero inserto na lingüística románica e circunscrito ao ámbito dos dominios lingüísticos romances. Atende ao eixe diacrónico (desde o latín ás correspondentes solucións romances

actuais) e diatópico (inclúe as variedades romances). Para isto aplica unha metodoloxía específica elaborada con este fin. O resultado será un dicionario panrománico que terá en conta os apelidos procedentes do léxico común.

Os centros vinculados ao colectivo PatRom son as universidades de Tréveris, Lisboa, Oviéu, Santander, Complutense de Madrid, Sevilla, Vitoria/Gasteiz, Zaragoza, València, Palma de Mallorca, Louvain-la-Neuv, Udine, Pisa, Bari, amais doutros centros de investigación como o Institut d'Estudis Catalans (Barcelona), o Institut National de la Langue Française (Nancy) e a Academia Româna (Bucarest).

A sección de onomástica do ILG é a encargada de proporcionar os datos correspondentes ao dominio lingüístico galego desde o comezo do proxecto (1990). O comité galego está formado por Ana I. Boullón Agrelo (síntese e documentación galega) e Ramón Lorenzo (consultor).

En 2008 seguíronse enviando os materiais solicitados do noso dominio lingüístico. A última publicación derivada é *Dictionnaire historique de l'anthroponymie romane Patronymica Romanica (PatRom)*, vol. I.1 *Introductions. Cahier des normes rédactionnelles. Morphologie. Bibliographies*, publié pour le collectif PatRom par Ana María Cano González, Jean Germain et Dieter Kremer. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 2007. ISBN: 978-3-484-50701-2. Rec.: *RION* 13 (2007), 2, 634-5.

Inventario toponímico da Galicia medieval

IP Xavier Varela	FINANCIAMENTO Sen financiamento externo específico.
MEMBROS DO EQUIPO Rocío Dourado Fernández Paulo Martínez Lema César Osorio Peláez	

A posta en marcha deste proxecto data de finais do ano 2005 e durante os anos 2006 e 2007 realizáronse traballos de construción dunha base de datos á que importar e na que codificar os topónimos presentes no corpus Xelmírez. No modelo de ficha recóllese a seguinte información:

- Contexto na obra.
- Datos da obra (acrónimo, nome estandarizado, volume, capítulo e páxina).
- Datos cronolóxicos (século e ano).
- Datos xeográficos (medievais: lugar correspondente ao autor; contemporáneos: lugar, concello, comarca, provincia, freguesía, arciprestado e diocese; coordenadas xeográficas, cando é posible).
- Datos glotolóxicos (lingua do documento, lingua do topónimo, etc.).
- Datos morfolóxicos (lema medieval en romance e latín, lema moderno, etc.).
- Datos tipolóxicos (tipoloxía referencial da unidade ou cadea toponímica).
- Argumentación na identificación xeográfica dos topónimos.

Os primeiros contidos do Inventario suman arredor de 20.000 fichas, resultantes da marcaxe, etiquetación e identificación de topónimos de dúas áreas xeográficas: as comarcas occidentais da terra de Compostela (TIT de Paulo Martínez Lema: Inventario Toponómico do Tombo de Toxos Outos [2007]) e as terras da diocese mindoniense (TIT de Rocío Dorado Fernández: Contribución a un inventario tiponómico dos documentos do Arquivo da Catedral de Mondoñedo). Na actualidade séguese coa incorporación de novos rexistros toponímicos, tirados doutras coleccións documentais desas mesmas áreas. A base de datos pódese consultar na páxina web do Instituto da Lingua Galega

Durante o ano 2008 realizouse a marcaxe toponímica e baleirado na base de datos das seguintes obras:

- CDDP = Fernández de Viana y Vieites (2007): "Cinco documentos del notario compostelano Domingo Pérez", in María del Val González de la Peña (ed.): *Estudios en memoria del profesor Dr. Carlos Sáez: Homenaje*. Alcalá de Henares: Universidad, pp. 319-326.
- DISXT = Sánchez Sánchez, Xosé M. (2002): "Unha Primeira pedra: documentación inédita de San Xusto de Toxosoutos", *Compostelanum*, 3/4, pp. 413-438.
- LNAP = Tato Plaza, Fernando R. (ed.) (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da Terra de Rianxo e Postmarcos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- SM = Zapico Barbeito, Pilar (ed.) (2005): *Colección diplomática do mosteiro de Santiago de Mens : edición e estudo*. Noia: Toxosoutos.
- SCO = Cal Pardo, Enrique (ed.) (1985): "El monasterio de dueñas de Santa Comba de Orrea (Lugo)", *Estudios Mindonienses*, 1, pp. 13-81.

Ademais, abriuse en Internet o portal do ITGM, na páxina do Instituto da Lingua Galega: <http://ilg.usc.es/ITGM>.

Proposta de estandarización dos nomes e dos apelidos galegos

IP

Ana I. Boullón Agrelo

MEMBROS DO EQUIPO

Miguel Mosquera Fociños

FINANCIAMENTO

Recursos ILG

O proxecto pretende elaborar un elenco estandarizado dos nomes e dos apelidos que se someterá á aprobación dos tres departamentos das Universidades, da RAG e mais do ILG, co fin de ofrecer unha ferramenta de apoio para a normalización da onomástica. O obxectivo é distribuílo nos Rexistros, para que tanto a sociedade coma os funcionarios xudiciais contén cunha base fiable para poder restituír as formas galegas que corresponden ás variantes castelanizadas. Isto aforraría, na maioría dos casos, ter que pedir un informe personalizado a unha autoridade académica para conseguir o cambio no Rexistro, sobre todo no caso dos apelidos.

Neste momento está recollido o corpus de partida e arrecadados datos para proceder á elaboración da lista definitiva.

Cartografía dos apelidos de Galicia

IP

Ana I. Boullon Agrelo
Xulio C. Sousa Fernández

MEMBROS DO EQUIPO

Rocío Dourado Fernández (2005-2006)
Raquel Rodríguez Parada (2004)
Miguel Mosquera Fociños (2007)
Ana Isabel Suárez Moreno (2007)

FINANCIAMENTO

Real Academia Galega

Páxina web

<http://servergis.cesga.es/website/apelidos/viewer.asp>

O obxectivo do proxecto é poñer á disposición dos investigadores e de calquera interesado información para coñecer a distribución xeográfica, o número e a porcentaxe de cada un dos apelidos en Galicia. O primeiro resultado deste proxecto é unha aplicación web que ofrece a representación cartográfica da distribución dos apelidos sobre un mapa de concellos de Galicia. Os datos están tomados do censo de poboación de Galicia do ano 2001. A información proporcionada procede da suma de todos os apelidos, vaian en primeiro ou en segundo lugar; isto, por un lado, dá unha información máis completa sobre cada forma e, por outro lado, contribúe a preservar a privacidade dos portadores dos apelidos.

No ano 2006 presentouse a primeira versión da aplicación de consulta e na actualidade estase a traballar nun novo deseño da ferramenta que permita mellorar as prestacións actuais e eliminar algunhas deficiencias.

Cartografía da toponimia de Galicia

IP

Xulio C. Sousa Fernández

MEMBROS DO EQUIPO LINGÜÍSTICO

Gonzalo Navaza Blanco
Luz Méndez Fernández
Rosario Álvarez Blanco

FINANCIAMENTO

Sen financiamento específico
Convenio coa Sociedade Anónima para o
Desenvolvemento Comarcal de Galicia (SITGA) e coa
Asociación Galega de Onomástica (AGOn).

Páxina web (en fase proba);

<http://sitgaideg.xunta.es/buscadoravanzado/indice.asp>

O proxecto ten como obxectivo un servizo web que permita facer consultas complexas sobre unha ampla base toponímica (o nomenclátor de Galicia e as bases dispoñibles doutros topónimos, hidrónimos e orónimos). Deseñouse unha ferramenta que permite facer consultas sobre a base, con datos que se ofrecen en forma de táboa, e visualizar a cartografía. Está en fase de probas e foi presentada no marco do simposio *Toponimia e Cartografía*.

O proxecto realízase ao abeiro dun convenio asinado no ano anterior entre o ILG e AGOn, que achegan o perfil lingüístico, e o SITGA, que achega o perfil técnico.

Outras accións


Organización de encontros científicos

Simposio do ILG 2008

A investigación en toponimia aproveitouse sempre das contribucións achegadas desde outras disciplinas para explicar a orixe, historia e distribución dos nomes de lugar. Coa colaboración da xeografía, a historia, a antropoloxía, a botánica, a economía e a lingüística, entre outras disciplinas, os estudos de toponimia arrequéntanse e desenvólvense de xeito máis completo. Neste sentido, a cartografía, como representación gráfica do territorio, aparece como disciplina estreitamente vinculada cos estudos toponímicos. Os mapas funcionan como soportes, en ocasións únicos, dos nomes do territorio e a toponimia é unha parte fundamental da representación cartográfica. Nas últimas décadas, a aplicación dos sistemas de información xeográfica para a análise de datos toponímicos fixo aínda máis patente a utilidade da combinación de toponimia e cartografía.

A intención dos organizadores do simposio foi ofrecer unha panorámica dos estudos que, desde distintas disciplinas, explotan cientificamente a conxugación da investigación toponímica e da análise cartográfica. Os participantes convidados foron especialistas en xeografía, historia, dialectoloxía e historia da lingua que nos seus traballos tiran rendemento da representación cartográfica dos nomes de lugar. Os temas suxeridos para as conferencias procuraron ofrecer unha panorámica xeral dos estudos interdisciplinares de toponimia, especialmente das achegas feitas desde a

xeografía, a historia e a lingüística. Por unha parte contouse coa participación de investigadores do ámbito da xeografía que están a traballar ou traballaron en proxectos vinculados coa toponimia (Vicenç Rosselló i Verger, da Universidade de Valencia; Jordi Bolòs Masclans da Universidade de Lleida; Stefan Ruhstaller da Universidade Pablo de Olavide de Sevilla; Mikel Belasko Ortega de Elea; Emili Casanova Herrero da Universidade de Valencia; Gonzalo Navaza Blanco da Universidade de Vigo; Luz Méndez Fernández da Asociación Galega de Onomástica; Xulio Sousa Fernández do Instituto da Lingua Galega da USC; Elena Papa e Alda Rossebastiano da Universidade de Torino) e por outra con colaboradores de proxectos e investigacións que aproveitaron a cartografía toponímica para



obter resultados sobre a evolución e descrición dos sistemas lingüísticos (Nerea Mujika Ulazia da Universidade de Deusto; José Ramón Morala da Universidade de León; Paulo Martínez Lema e Rocío Dourado Fernández do Instituto da Lingua Galega da USC; Jairo Javier García Sánchez da Universidade de Alcalá). As conferencias serviron para darlles a coñecer aos asistentes o estado de desenvolvemento destes proxectos, a metodoloxía que se está a utilizar, os resultados que deica agora se obtiveron e as perspectivas futuras.



Seminarios e visitas de investigadores

No mes de maio o profesor de Lingüística da Universidade de Essex, Iggy Roca, dirixiu un seminario sobre o tema "O xénero: que é e como funciona ('los vascos y las vascas', 'galegos e galegas', etc.)"


Os profesores Gotzon Aurrekoetxea e Txipi Ormaetxea da Universidade do País Vasco visitaron no mes de xuño o centro para coñecer a metodoloxía de traballo e os resultados obtidos no equipo que desenvolve o proxecto AMPER-Galicia.

Biblioteca e catálogo

O fondo da biblioteca do ILG está constituído por máis de 11.000 volumes de obras relacionadas coa lingüística, especialmente a galega, aínda que destaca un importante fondo de literatura galega. Durante o ano 2008 recibíronse un total de 432 monografías, a maioría compradas con cargo a proxectos vinculados ao ILG.

Neste ano continuáronse os traballos de catalogación dos fondos antigos e iniciáronse os trámites para a apertura do catálogo da biblioteca á rede, a través da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Publicacións



Callaica Nomina. Estudos de Onomástica Gallega

Juan José Moralejo Alvarez

A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega, 2008.

ISBN: 978-84-95892-68-3

464 páxinas



Poesía completa. Antolín Santos Mediante Ferraría

Edición de Xoán Babarro

Biblioteca Filolóxica Galega.

A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua galega, 2008.

ISBN 978-84-95892-74-4

650 páxinas



Letras primeiras. O foral do Burgo de Caldelas: os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito

Xosé Henrique Monteagudo Romero

Biblioteca Filolóxica Galega

A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega, 2008.

ISBN 978-84-95892-73-7

740 páxinas

Contribución institucional

Álvarez Blanco, Rosario. Académica numeraria da Real Academia Galega.

Álvarez Blanco, Rosario. Membro do Padroado da Fundación Penzol.

Álvarez Blanco, Rosario. Membro do plenario do Consello da Cultura Galega.

Álvarez de la Granja, María. Secretaria da revista *Cadernos de fraseoloxía galega* (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades).

Álvarez de la Granja, María. Secretaria da revista *Estudos de lingüística galega* (Instituto da Lingua Galega-USC).

- Álvarez Pérez, Xosé Afonso. Membro da Xunta de Facultade de Filoloxía e de varias das súas comisións, en representación do sector de terceiro ciclo e de investigadores en formación. Desde xuño de 2004 ata abril de 2008.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso. Representante dos investigadores en formación no Claustro da Universidade de Santiago de Compostela. Membro da Comisión de Investigación. Desde xuño de 2006 ata abril de 2008.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso. Representante dos investigadores en formación no Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela. Membro de 5 comisións delegadas. Secretario das comisións delegadas de investigación e de cultura. Desde novembro de 2006 ata abril de 2008.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel. *Asociación Galega de Onomástica* (Santiago de Compostela). Membro do equipo directivo desde a súa creación (1999).
- Boullón Agrelo, Ana Isabel. Correspondente internacional da *Rivista Italiana di Onomastica* (Società Editrice Romana, Roma).
- Boullón Agrelo, Ana Isabel. Membro do Consello de Redacción da *Biblioteca Galega de Onomástica*, da Asociación Galega de Onomástica, que ata o momento publicou tres volumes (2006, 2007, 2008).
- Boullón Agrelo, Ana Isabel. Membro do Consello de Redacción da revista *Viceversa*, da Asociación de Tradutores Galegos e a Universidade de Vigo, desde 2008.
- Cidrás Escáneo, Francisco. Académico correspondente da RAG. Membro do Seminario de Gramática.
- Cidrás Escáneo, Francisco. Coordinador xeral do Programa de Doutoramento Interuniversitario en *Lingüística Galega* (USC, UdC, UVigo), programa distinguido coa Mención de Calidade (MCD2006-00167).
- Cidrás Escáneo, Francisco. Membro do Comité Científico da revista *Estudos de Lingüística Galega*.
- Cidrás Escáneo, Francisco. Membro do Comité Científico da revista *Verba*.
- Cidrás Escáneo, Francisco. Presidente da Comisión de Redacción do Máster Interuniversitario en *Lingüística Galega*, en que se transformará o anterior Programa de Doutoramento a partir do curso 2009-2010.
- Fernández Rei, Elisa. Membro do comité editorial da revista *Estudos de Lingüística Galega* do Instituto da Lingua Galega.
- Fernández Rei, Francisco. Asesor da Comisión Técnica do 2009 Ano Cabanillas, do Concello de Cambados.
- Fernández Rei, Francisco. Cosecretario do consello de redacción d' *ATrabe de Ouro. Revista galega de pensamento crítico*.
- Fernández Rei, Francisco. Académico numerario da Real Academia Galega.
- Fernández Rei, Francisco. Membro do comité científico de *Luenga e Fabras*.
- Fernández Rei, Francisco. Membro do comité científico de *Cadernos de Lingua*.
- Fernández Rei, Francisco. Membro do comité científico de *Estudos de Lingüística Galega*.
- Fernández Rei, Francisco. Membro do comité científico de *Verba*.
- Fernández Rei, Francisco. Membro do consello de redacción d' *O Apupo. Boletín informativo da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial*.
- Fernández Rei, Francisco. Membro do consello de redacción de *Ardentía. Revista de Cultura Marítima e Fluvial*.
- Fernández Rei, Francisco. Membro do Padroado do Museo do Pobo Galego.
- Fernández Rei, Francisco. Membro do xurado "XXIII Premio [2008] Antón Losada Diéguez", en representación da Real Academia Galega.
- Fernández Rei, Francisco. Membro do xurado do "XIII Premio [2008] Vicente Risco de Ciencias Sociais", en representación da Fundación Sotelo Blanco.
- Fernández Rei, Francisco. Patrón da "Fundación Sotelo Blanco. Museo de Antropoloxía".
- García González, Constantino. Académico numerario da Real Academia Galega.
- González González, Manuel. Académico numerario e secretario da Real Academia Galega.

